



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

### **BASES PARA A SELECCIÓN DE TRES TRABALLADORES PARA VEHÍCULO MOTOBOMBA (TRACTOR FORESTAL CON CISTERNA), APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 8 DE XUÑO DE 2021**

Examinadas as bases para a selección de tres traballadores (dous titulares e un suplente) para cubrir as necesidades previstas para o desenvolvemento do convenio para a participación cun vehículo motobomba (tractor forestal con cisterna) na prevención e defensa contra incendios forestais.

Vistos os antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar as bases para a selección de tres traballadores (dous titulares e un suplente) para cubrir as necesidades previstas para o desenvolvemento do convenio para a participación cun vehículo motobomba (tractor forestal con cisterna) na prevención e defensa contra incendios forestais, que se transcriben a continuación:

**Primeira.-** As presentes bases teñen por obxecto a selección de tres traballadores, para manter operativo o vehículo motobomba durante a vixencia do convenio a asinar coa Consellería do Medio Rural para a prevención dos incendios forestais, cunha duración contractual do tempo necesario para a execución do convenio, que en principio se establece en tres meses e medio. O salario será de 1.350 euros brutos mensuais, incluídas pagas extraordinarias, con xornada completa adaptada aos horarios que se determinen polo Distrito Forestal III de Ordes.

A urxencia da contratación xustifícase pola premura de ter a disposición ao persoal necesario para levar a cabo o convenio a subscribir e pola propia actividade a desenvolver en defensa contra incendios forestais.

**Segunda.-** Poderán presentarse á convocatoria aqueles candidatos que estean en posesión ao menos do carné de conducir tipo B, e que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente, como persoal da administración pública.

**Terceira.-** O procedemento de contratación será o seguinte:

- a) A convocatoria publicarase na páxina Web do Concello de Touro, e nun periódico dos de maior tirada comarcal, podendo presentarse solicitudes no prazo de 5 días hábiles dende a publicación do último anuncio. Os seguintes anuncios, de se lo caso, publicaranse na páxina Web do Concello. Contra o acordo provisional de selección poderanse presentar reclamacións no prazo máximo de tres días hábiles.
- b) De presentarse máis candidatos dos solicitados, procederase a valorar mediante entrevista persoal os méritos alegados conforme aos seguintes criterios:
  - 1.- Por experiencia demostrada en outras campañas contra os incendios forestais en conducción de vehículos motobomba ou tractor forestal: ata 4 puntos, a razón de 0,25 puntos/mes.
  - 2.- Por experiencia no ámbito público ou privado en relación con actividades de carácter forestal: ata 2 puntos, a razón de 0,15 puntos/mes.
  - 3.- Por coñecemento do medio: ata 3 puntos.
    - Neste apartado puntuarse o coñecemento que o candidato teña do Concello de Touro e as súas peculiaridades, co obxecto de conseguir a máxima eficacia nos desprazamentos en caso de incendio e a súa prevención.



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

- Realizaranse 3 preguntas ao candidato: unha sobre xeografía e medio natural (1 punto), outra sobre patrimonio cultural e características do Concello (1 punto), e unha última sobre localización de vías de comunicación e medios de transporte (1 punto).

### 4.- Cursos e diplomas: ata 1 punto.

- a) Xornadas, diplomas, cursos de menos de 10 horas: 0,10 punto cada un deles.
- b) Xornadas, diplomas, cursos de 10 a 50 horas: 0,25 puntos cada un deles.
- c) Xornadas, diplomas, cursos de más de 50 horas: 0,50 puntos cada un deles.

**Fase práctica:** Os aspirantes deberán realizar unhas probas co vehículo motobomba, no que se poida demostrar a súa capacidade de conducción e manexo do vehículo.

As probas consistirán en realizar a seguintes manobras:

- Acendido e arranque do tractor forestal con cisterna con demostración do manexo en dirección marcha adiante. Puntuarase cun máximo de tres puntos.
- Acendido e arranque do tractor forestal con cisterna con demostración do manexo en dirección marcha atrás. Puntuarase cun máximo de tres puntos.
- Manexo do tractor forestal con cisterna en un circuíto previsto para comprobar o manexo do mesmo en situacións precarias de conducción. Puntuarase cun máximo de 4 puntos.

Para ser seleccionados os candidatos deberán obter como mínimo 10 puntos . No caso de que mais de tres superen os dez puntos, serán seleccionados os de maior puntuación, quedando os demais en situación de supentes.

En todo caso os aspirantes deberán presentar certificado médico de estar aptos para o desempeño do posto de traballo, de conformidade cos criterios establecidos para este tipo de servizo.

**Cuarta.-** A Comisión de selección estará formada da seguinte forma:

- Presidente:
  - \* D. Jesús José Reboreda González, administrativo do Concello.
- Vocais:
  - \* D. Juan Ramón López Tojo, persoal laboral do Concello.
  - \* Dª. Ana María Pájaro Fernández, axente de emprego.
  - \* Dª. Nieves González Mujico, Educadora do Concello.
- Secretario:
  - \* D. José Ramón Casal Orza, auxiliar –administrativo do Concello.

O Sr. Alcalde poderá designar aos supentes necesarios no caso de vacante.

**Quinta.-** Se non existiran candidatos que superen a selección, procederase a realizar unha convocatoria a través de anuncios no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello outorgando un prazo de 3 días naturais para a presentación de instancias.

**Sexta.-** Unha vez seleccionados os traballadores, polo Sr. Alcalde procederase á firma dos correspondentes contratos, dándose conta á Xunta de Goberno coa aprobación da primeira nómina.



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**Sétima.-** As presentes bases teñen carácter administrativo e o procedemento de selección sométese aos principios do dereito administrativo. As dúbihdas que se poidan producir na interpretación das presentes bases corresponderán á Comisión Seleccionadora.

Touro, 15 de xuño de 2021.

O alcalde substituto.

Asdo. Alfredo Souto Castelo

